



COMPARTIR
es nuestra
mayor riqueza

manosunidas.org

© Manos Unidas 2025




Paraguay

Me llamo **Ygary**, que significa cedro en mi lengua, el guaraní, un idioma de Paraguay. En mi pueblo era difícil poder cultivar alimentos, porque la tierra se destina, sobre todo, a la producción de soja que estropea la tierra y no podemos adaptarnos al cambio climático.

Gracias al apoyo de Manos Unidas, tenemos huertos agroecológicos que nos proporcionan frutas y verduras muy sanas y nutritivas y cuidamos el medioambiente.

- ¿Sabes qué son los huertos agroecológicos?
- ¿Por qué la familia de Ygary no podía cultivar sus alimentos?
- ¿Qué acción ha mejorado su alimentación?



Sierra Leona

Mi nombre es **Bintu**. Vivo en una región minera en Sierra Leona. La minería de oro y diamantes ha contaminado las tierras y el agua; no podemos comer ni beber.

Manos Unidas ha apoyado a una organización local creando cooperativas agropecuarias para que las familias mejoren la alimentación y la salud. Así, las mujeres como mi mamá disponen de más tiempo para cuidarnos.

- ¿Sabes para qué se usan en España el oro y los diamantes? ¿Qué efectos tienen sobre la tierra en Sierra Leona? ¿Qué hacer para que la familia de Bintu pueda vivir en una tierra sin contaminar?

Bangladesh

Soy **Nasima**, he nacido en Bangladesh. Mi familia es adivasi, una comunidad indígena muy discriminada. Somos muy pobres y yo padecí desnutrición. Manos Unidas ha apoyado a nuestras organizaciones sociales, sobre todo, a las mujeres, las jóvenes y las niñas, con proyectos de formación y creación de empleo para mejorar su vida. Mi mamá y mi hermana mayor han participado mejorando la salud y el empleo en la familia.

- ¿Qué te parece que se discrimine a las personas por ser diferentes? ¿Por qué?
- ¿Cómo apoya Manos Unidas a la comunidad adivasi?



En tu entorno, (clase, barrio, grupo de catequesis), ¿hay personas de distintos lugares? ¿Qué puedes hacer para que se sientan acogidas?

Señor, co papa Francisco, dicimos: *“Benditas as mans que se abren para acoller os pobres e axudalos: son mans que traen esperanza.*

Benditas as mans que vencen as barreiras da cultura, a relixión e a nacionalidade derramando o aceite do consolo nas chagas da humanidade.

Benditas as mans que se abren sen pedir nada a cambio, sen “peros” nin “condicións”: son mans que fan descender sobre os irmáns a bendición de Deus”.

Dáños, Señor, mans que compartan, que acollan, que consolen e leven a bendición de Dios sobre todo aos máis necesitados.



Evanxeo
9-febreiro-2025
5º ORDINARIO-C
MANS UNIDAS

técnicas
métodos
estrategias
marketing
probabilidad
estadística
congresos
materiales
likes

**ECHAD LAS REDES
POR EL TROLADO**



caridad
servicio
escucha
acogida
alegría
entrega
eucaristía
la palabra
paciencia
esperanza
comunidad
fe

**Elixamos o lado
que nos di Xesús**

Ordinario 5º-C

ISAÍAS 6, 1-2a. 3-8: *Aquí estou, mándame.*

O ano da morte do rei Ozías, vin o Señor sentado sobre un trono alto e excelso: a orla do seu manto enchía o templo. Xunto a el estaban os serafíns, e gritábanse un a outro dicindo: «*Santo, santo, santo é o Señor do universo, chea está a terra da súa gloria!*».

Tremían as xambas e os limiares ao clamor da súa voz, e o templo estaba cheo de fume. Eu dixen: «*Ai de min, estou perdido! Eu, home de beizos impuros, que habito no medio de xente de beizos impuros, vin cos meus ollos o Rei, Señor do universo*».

Un dos seres de lume voou cara a min cunha ascua na man, que tomara de! altar cunhas tenaces; aplicouna á miña boca e díxome: «*Ao tocar isto os teus beizos, desapareceu a túa culpa, está perdoado o teu pecado*».

Entón escoitei a voz do Señor, que dicía: «*A quen enviarei? E quen irá por nós?*».

Contestei: «*Aquí estou, mándame*».

Palabra do Señor.

SALMO 137: Diante dos anxos tocarei para ti, Señor.

1 CORINTIOS 15, 3-8. 11 (BREVE): *Predicamos así, e así o crestes vós.*

LUCAS 5, 1-11: *Deixándoo todo, seguírono.*

Narrador: Naquel tempo, a xente apiñábase ao redor de Xesús para oír a palabra de Deus. Estando el de pé xunto ao lago de Xenesaré, viu dúas barcas que estaban na beira; os pescadores, que desembarcaran, estaban a lavar as redes. Subindo a unha das barcas, que era a de Simón, pediulle que a apartase un pouco de terra. Desde a barca, sentado, ensinaba á xente. Cando acabou de falar, díxolle a Simón:

Xesús: -«*Rema mar dentro, e botade as vosas redes para a pesca*».

Narrador: Respondeu Simón e díxolle:

Pedro: -«*Mestre, estivemos faenando toda a noite e non recollemos nada; pero, pola túa palabra, botarei as redes*».

Narrador: E, postos á obra, fixeron unha redada tan grande de peixes que as redes comezaban a rebentarse. Entón fixeron acenos aos compañeiros, que estaban na outra barca, para que viñesen botarlles unha man. Viñeron e encheron as dúas barcas, ata o punto de que case se afundían. Ao ver isto, Simón Pedro botouse aos pés de Xesús dicindo:

Pedro: -«*Señor, apártate de min, que son un home pecador*».

Narrador: E é que o estupor se apoderara del e dos que estaban con el, pola redada de peixes que recolleran; e o mesmo pasáballes a Santiago e Xoán, fillos de Zebedeo, que eran compañeiros de Simón. E Xesús díxolle a Simón:

Xesús: -«*Non temas; desde agora serás pescador de homes*».

Narrador: Entón sacaron as barcas a terra e, deixándoo todo, seguírono. *Palabra do Señor.*

(Narrador, Xesús, Pedro).



Elixamos o lado que nos di Xesús

1. VER: Hoxe, Mans Unidas

- Hoxe celebramos a Campaña de Mans Unidas. O obxectivo desta ONG da Igrexa é compartir cos demais o que temos para que a ninguén lle falte o necesario. O lema deste ano é “*Compartir é a nosa maior riqueza*”. Isto explícase no vídeo da campaña 2025: <http://youtu.be/nin8NeoWEB8> Vaiamos á última páxina deste material, leamos o que nos contan Ygary, Bintu e Nasima e respondamos as preguntas que se nos fan.

Que dicimos a todo isto?

2. XULGAR: O estilo de Xesús e dos misioneiros

- No evanxeo de hoxe, Xesús ve aos pescadores que non tiveron éxito na pesca e pídelles que **boten as redes de novo onde El lles manda**. Pedro dille: “*no teu nome botarei as redes*”. E “*capturaron unha gran cantidade de peixes*”. Logo Xesús chama a Pedro, Santiago e Juan a “*ser pescadores de homes*”.

A pesca milagrosa, película: <https://youtu.be/AS97qq3xtmY>

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús hoxe segue chamando para “*ser pescadores de homes*”, para levar a súa mensaxe de amor con palabras e obras... Necesítate para ser hoxe dos seus, para facelo presente, para seguir arranxando o mundo.

- Fano no seu debuxo lémbraos que hai que **aprender** o estilo de Xesús. Nós vivimos demasiado pendentes dos likes, da mercadotecnia, das estratexias, da estatística ou do materiais... **Pero cal é o estilo de Xesús?** É compartir, servir, escoitar, acoller, a alegría, a entrega, a eucaristía, a palabra, a paciencia, a esperanza, a comunidade, a fe... E sobre todo hai que pescar apoiados na **confianza**, sabéndonos pescando con El, que con El todo é posible.

- É o que fan os **misioneiros e axentes sociais aos que Mans Unidas**, nós, apoiamos coa nosa oración, co noso diñeiro.

Grazas mamá, Verbo Divino-2025, reflexión: https://youtu.be/zhS_mPJUVLo

Cal é o estilo de Xesús e dos misioneiros?

3. ACTUAR: Xuntos cambiamos vidas

- Vemos como aprender o estilo de Xesús, aprendendo que o que importa é contar con El, compartir o pouco que temos, axudar. Non nos deixemos levar polo desalento, confiemos na súa forza. Xuntos podemos cambiar vidas. Preguntémoslle a Xesús como quere que axudemos.

- Lembra que moitos esperan do noso agarimo e xenerosidade. Informámonos dalgunha acción de Mans Unidas e vemos como podemos axudar,

Rema mar a dentro, Maite López: <https://youtu.be/9yMW8H3sCa0> *Que imos facer?*